

CENTRO DE DESENVOLVEMENTO RURAL

O VISO



POBO ESCOLA LODOSELO

Fai máis de 25 anos que o Centro de Desenvolvemento Rural O Viso vén impulsando o programa POBO ESCOLA para contribuír ó mantemento e desenvolvemento da comunidade do rural ao detectar unhas dinámicas de afastamento integral deste modo de vida eminentemente natural e humano.

Propóñense actividades para un día, para fins de semana, convivencias, excursións, etc. O obxectivo é achegar ós máis pequenos e pequenas á realidade da aldea, ós seus saberes e enigmas así coma ás súas virtudes e ás ameazas a través da experimentación e o descubrimento.

Apoiando esta proposta estás axudando ó CDR O Viso a recuperar para a acción educativa o patrimonio cultural e social da comunidade rural.





XORNADA TIPO

10h00. Benvida
10h30. Actividade 1
11h00. Parada para a parva
11h30. Remate Actividade 1
12h30. Actividades 2 e 3
(rotatorias)
13h45. Parada para o xantar
14h30. Xogo libre
15h30. Actividade 4
16h30. Despedida

TEMPADA BAIXA (setembro-abril)

Grupos ata 23 participantes: 180€/grupo/día

Grupos entre 23 e 50 participantes: 8€/persoa/día

TEMPADA ALTA (maio-agosto)

Grupos ata 23 participantes: 205€/grupo/día

Grupos entre 23 e 50 participantes: 9€/persoa/día

XANTAR: 6€ (opcional)


Exemplo: crema de cenoria, pasta con carne e froita de tempada ou iogur, pan e auga.

OUTRA INFORMACIÓN:

- O CDR garante Seguro RC e persoal titulado.
- Adaptación das actividades en función das idades e características do grupo
- Horario orientativo e flexible
- Grupos de centros educativos: de luns a venres

OFERTA DE ACTIVIDADES

ESCOLAS INFANTÍS



- Elaboración de pan artesán de forma tradicional
- Conto “*O Carballo con botas*”
+ Xermolando no teu brick
- Amig@s dos animais: coñecer e acomodar
+ Paseo no burro Fariñeiro
- Experimentación no xardín sensorial

EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA



- Elaboración de pan artesán de forma tradicional
- Conto “*O Carballo con botas*”
+ Xermolando no teu brick
- Amig@s dos animais: coñecer e acomodar
+ Paseo no burro Fariñeiro
- Obradoiro de Papel Reciclado
- Que nos dá a terra? Visita interactiva á horta

EDUCACIÓN SECUNDARIA




- Elaboración de pan artesán de forma tradicional
- Os animais e a horta: achegamento + interacción
- Obradoiro de Papel Reciclado
- Xogos tradicionais, populares e do mundo
- Xogo de orientación na aula da natureza
- Rastrexo por Lodoselo (versión QR)

MÁIS ACTIVIDADES

Temos moito máis para ofrecerche. Se queres personalizar aínda máis a túa experiencia bótalle un ollo a tódalas opcións que se ofertan no Albergue O Campiño, outra iniciativa do CDR O VISO. Pódelo ver aquí:





TRANSPARENCIA

Os ingresos que se obteñen destínanse a fortalecer os programas sociais xa en funcionamento como a vivenda comunitaria; o comedor social; o apoio a familias en situacións desfavorecidas; campañas de información, prevención e sensibilización, etc.

RESERVAS E MÁIS INFORMACIÓN



988 461 571



cixdalimia@cdroviso.org



@cixdalimia_cdr



oviso.cdr



www.cdroviso.org

